

# Resultados do Sistema de Financiamento en 2007

Publicamos -como xa é habitual- os resultados do Sistema de Financiamento correspondentes ao ano 2007. Aproveitaremos este Informe de Liquidación para subliñarmos os seus principais resultados, procurando así tornar máis evidentes as eivas do vixente Sistema de Financiamento desde a óptica do noso país a través deste exercicio concreto.

*“O nacionalismo como sentimento, como cultura, como doutrina, en todos os seus aspectos, ten unha finalidade fundamental: a conquista para a nosa terra do dereito a dispor de si mesma, e a rexer libremente os seus destinos. Esta vontade de ser que ten a Galiza ciméntase en dúas grandes realidades: a conciencia da súa personalidade propia, e a conciencia da esterilidade e ineficacia do seu sometemento ao Estado español. No primeiro caso o nacionalismo maniféstase como unha forza de creación; no caso segundo, como unha forza de protesta contra unha tiranía dominante.”*  
(Luís Peña Novo, 1922)

**LIMIAR: ÁS PORTAS DUN NOVO SISTEMA DE FINANCIAMENTO.** Aínda que está dentro do posíbel que o novo sistema de financiamento entre en vigor a partir deste ano (2010) ou que polo menos tiver carácter retroactivo desde o 1 de xaneiro deste ano, e malia existiren documentos

oficiais referidos a este novo sistema, ben que con abondosas incógnitas numéricas que fan bastante complexa a realización dun cálculo aproximado dos seus resultados, non nos referiremos máis que marxinalmente neste documento a estas importantes cuestións, centrándonos agora, case estritamente, nos resultados para a Galiza da liquidación do sistema de financiamento no ano 2007 e da súa análise dunha maneira semellante á que xa realizamos coas outras liquidacións anteriores do sistema en vigor.

**OS RESULTADOS EN 2007 PARA ‘RICOS’ E ‘POBRES’.** O actual sistema de financiamento na a súa configuración concreta é unha das derivadas do peculiar modelo de descentralización do Estado español, consecuencia directa da nunca ben ponderada, inequívoca, incontestábel e incombustíbel Constitución de 1978 que, partindo do principio de negación da

XOSÉ DÍAZ DÍAZ

Economista. Autor de múltiples traballos sobre o sector naval, o mercado de traballo e de pensións, o sector enerxético e a fiscalidade. Foi presidente da Comisión de Economía, Facenda e Orzamentos do Parlamento de Galiza na V Lexislatura (1997-2001)



O centralismo trata de borrar as diferenzas entre rexións e nacións e homoxeneizar a todos baixo un mesmo patrón que só convén a quen o deseña a súa medida

xenuína realidade plurinacional<sup>1</sup> do Estado, erixe como soberanía única, orixinal, indiscutíbel e indubidábel a soberanía estatal, identificada nunha Nación española, unha e indivisíbel.

Por tanto, non debería estrañar que a través do mesmo se pretenda colar de contrabando a ideoloxía básica, primaria, do españolismo radical ou moderado, que resumiremos na consabida e recorrente falacia de que a existencia do noso país depende da existencia e xenerosidade do Estado, dada a súa –non á deles– inutilidade conxénita, de orixe, para se valer por si propio. Iso resulta para eles tan evidente como que é o Sol quen xira arredor da Terra, unha verdade radical nos tempos baixo medievais. Por iso turran contra o máis mínimo avance no noso autogoberno, non digamos a nosa soberanía plena.

No entanto, o sistema de financiamento non é máis que o instrumento que ten como finalidade o financiamento das competencias e servizos transferidos ás diferentes Comunidades Autónomas. Este financiamento, no caso do sistema en vigor, realízase por medio dos ingresos tributarios procedentes dunha cesta tributaria que integra unha parte dos impostos estatais, dos que os principais en termos cuantitativos son cedidos<sup>2</sup> ou territorializados, tamén de maneira parcial, nunhas porcentaxes iguais para todas as Comunidades do réxime común. O modelo completa os recursos con outro ingreso para as Comunidades

(‘gasto’ para o Estado), unha transferencia adicional positiva, no caso de que cos recursos tributarios procedentes desa cesta non se cubrir o custo de subministración dos servizos e competencias, ou unha transferencia negativa no caso contrario. Este ingreso en forma de transferencia é entón o elemento de peche do sistema (a diferenza entre as necesidades de gasto e os ingresos derivados da cesta tributaria) e non por casualidade, se lle denomina Fondo de Suficiencia.

Tamén como transferencia hai que incluír a garantía dinámica (temporal) existente no sistema a respecto tan só do servizo sanitario e que afecta as Comunidades Autónomas nas que os recursos que achega o modelo para a Sanidade medran menos nun ano dado e en relación co ano base do que o crecemento do PIB estatal. Garantía, cunha vixencia temporal restrinxida ao período 2002-2004 inicialmente, mais que polas dificultades que este servizo esencial atravesaba, levou a que a Conferencia de Presidentes de 2005<sup>3</sup>, entre outras cuestións, estendese a súa vixencia até o momento en que se negocie un novo sistema de financiamento. É posíbel que rematar este proceso ao longo deste ano e que, en todo caso, terá carácter retroactivo a partir do 1 de xaneiro de 2009. A contía desta garantía é moi cativa relativamente ao conxunto de recursos do sistema, sendo a Galiza unha das Comunidades que sempre até a liquidación do ano 2005 se viu afectada pola mesma. Porén, na liquidación correspondente ao ano 2006 a única Comunidade Autónoma afectada é a das Illes Balears na contía de 14 M€, fronte a unha contía total dos recursos do sistema neste ano de 110.030 M€. E neste exercicio (2007) afectou unicamente as Comunidades asturiana e balear, por un montante total de 61,96 M€ sobre un total de recursos do sistema de 114.356,92 M€ (0,05%).

Resulta evidente que os recursos totais que procura o sistema de financiamento poderían ser na súa totalidade quer ingresos na forma de recursos tributarios, quer ingresos na forma de transferencias estatais, sen que por iso se modificar a contía dos recursos totais. Mais é ben sabido como o conxunto do españolismo académico e político pretende derivar desta específica conformación dos recursos do sistema (división en ingresos tributarios e transferencias), sobre todo no noso país, dúas 'verdades' esenciais para os seus obxectivos políticos: a) as Comunidades Autónomas que teñen un Fondo de Suficiencia positivo son acumuladas como 'pobres', de xeito que; b) unicamente poden financiar os servizos a elas transferidos grazas á 'solidariedade' das Comunidades acumuladas como 'ricas'. O simple papel aritmético que desempeña o Fondo de Suficiencia como elemento de peche do modelo convérteo descaradamente nun-

ha póla máis, e non a menos importante, da frondosa árbore españolista que ten como froitos os recorrentes conceptos ideolóxicos da 'Galiza subvencionada' e da 'solidariedade estatal' que presentan o noso como un país inútil, coa pretensión de que determinados segmentos da poboación galega se alimenten con froitos tan pestilentes mais, sobre todo, coa pretensión de coutar ou mostrar como inviábel calquera perspectiva de futuro galego fóra do contexto político-institucional actual.

O cadro seguinte resume os recursos que achega o sistema no ano 2007 para cada unha das Comunidades Autónomas, sendo de agardar que o mesmo sirva, de maneira práctica, para pór de manifesto a falacia de semellantes 'verdades' e o carácter sinxelamente ideolóxico destas vulgaridades e barbaridades 'científicas', expresión máxima da bazofia ideolóxica españolista disfrazada como 'ciencia':

#### LIQUIDACIÓN DO SISTEMA DE FINANCIAMENTO EN 2007 (millóns de euros)

CCAA	RECURSOS TRIBUTARIOS	TRANSFERENCIAS		RECURSOS TOTAIS
		F. Suficiencia	G. Sanitaria	
Cataluña	16.397,9	2.896,7		19.294,7
GALIZA	4.237,8	3.891,2		8.129,1
Andalucía	12.411,0	9.724,3		22.135,3
Asturias	1.914,4	1.186,2	10,8	3.111,4
Cantabria	1.147,5	737,9		1.885,4
A Ríoxa	594,3	403,2		997,6
Murcia	2.374,7	1.183,7		3.558,4
C. Valenciá	8.983,0	2.799,2		11.782,1
Aragón	2.650,3	1.182,0		3.832,4
Castela-A Mancha	3.179,3	2.528,1		5.707,4
Canarias	1.639,2	3.419,3		5.058,6
Estremadura	1.315,5	2.061,4		3.376,9
Illes Balears	2.673,6	- 230,2	51,1	2.494,6
Madrid	15.621,6	- 195,8		15.425,8
Castela e León	4.292,9	3.274,5		7.567,4
RÉXIME COMÚN	79.433,1	34.861,9	62,0	114.356,9
% GALIZA/RC	5.33	11.16	0.00	7.11



Mesmo no humor e na identificación dos produtos, queda en evidencia a existencia dun país cunhas especificade e necesidades de produción, mercado, infraestruturas, etc... que refutan a cega homoxeneización

Como vemos, todas as Comunidades Autónomas teñen un Fondo de Suficiencia positivo agás os casos das Illes Balears e de Madrid. Así, a identificación de Comunidade 'pobre' como aquela que precisa de Fondo de Suficiencia para completar os recursos cos que financiar as competencias e servizos transferidos (educación, sanidade, xustiza, servizos sociais...) remata nun auténtico desatino *de facto* e intelectual, tanto máis grave cando a todos estes elementos españoлисты hai que supor que deberían coñecer o significado e alcance do vixente sistema de financiamento autonómico de réxime común. Cataluña, que percibe en termos absolutos un Fondo de Suficiencia (2.897 M€) que equivale a case 75% do galego, sería –segundo esta ‘teoría’– unha das máis ‘pobres’ do Estado español. Concretamente, e atendendo ao volume do Fondo de Suficiencia, sería a quinta Comunidade máis ‘pobre’ do Estado, despois de Andalucía, Galiza, Canarias e Castela e León!

É verdade que co modelo que implica o novo Estatut, que non muda a esencia do vixente e que se xeneralizará a todas as Comunidades Autónomas, ocorrerá que ao medrar a porcentaxe de cesión ou territorialización dos impostos principais que integran a cesta impositiva<sup>6</sup>, os maiores recursos tributarios se verán acompañados dunha diminución dos Fondos de Suficiencia polo que, automaticamente, todas as Comunidades pasarán a ser moito menos ‘pobres’. Mesmo o caso catalán, posibelmente cun Fondo de Suficiencia nulo ou quizais lixeiramente negativo, converterase xa nunha das Comunidades ‘ricas’, acompañando nesta cualificación a Madrid e ás Illes Balears. Como se pode comprobar, de facer caso a estes farsantes ‘científicos’, non hai nada máis fácil do que ‘transformarse’ dunha Comunidade ‘pobre’ a ‘rica’ grazas á maxia implícita no trebello do modelo de financiamento. Por que non facer un sistema que financiar as necesidades de gasto unicamente con

ingresos tributarios, eliminando os Fondos de Suficiencia<sup>7</sup>, e con el convertendo en ‘ricas’ todas as Comunidades Autónomas? Para que traballar, producir e innovar?

E que queda da imaxe recorrente de que as Comunidades ‘ricas’ achen para que as outras, as ‘pobres’, sexan capaces de financiar as súas necesidades? Primeiro, decatémonos de que, malia ás diferenzas de dimensión de todo tipo, as Illes Balears teñen un Fondo de Suficiencia negativo (a devolver ao Estado) superior ao madrileño indicando, de acordo co españolismo académico, que as Illas son máis ‘ricas’ do que o territorio onde se localiza a capital do Estado. Claro que ambos os dous Fondos de Suficiencia negativos totalizan a paupérrima contía de 425,9 M€, polo que unicamente significan 14,7% do Fondo de Suficiencia positivo catalán ou 1,2% dos 35.287,8 M€ que totalizan os Fondos de Suficiencia de todas as Comunidades que o teñen positivo. Pretenderán acaso facernos a demostración matemática de que  $425,9 > 35.287,8$  como aqueloutra demostración (falsa lóxicamente) que nos ensinaron de cativos, segundo a cal un número enteiro calquera era igual a calquera outro, facéndose así ‘racional’ por exemplo, trocar pesos por catro pesetas? Tal é a ‘ciencia’ dos nosos españoлисты na súa ‘análise’ desnortada do sistema de financiamento.

**OS FLUXOS FISCAIS ENTRE A GALIZA E O ESTADO.** Mais avancemos coas ‘verdades’ do españolismo académico e político a respecto do sistema de financiamento. No cadro anterior comprobamos que os recursos totais que o sistema de financiamento achegou á Galiza no ano 2007 foron de 8.129.1 M€. Se miramos o *Informe de Recadación Tributaria da Axencia Estatal* (AEAT) dese ano, atopámonos con que a recadación nas Delegacións galegas por todos os impostos do sistema fiscal español (que son máis do que os que se integran na cesta tributaria do sistema de financiamento)



achega soamente 6.550,1 M€. A través diso, o españolismo, incansábel, sinálanos a evidencia manifesta da 'solidariedade' estatal, xa que fronte a unhas necesidades de gasto de 8.129,1 M€, a recadación nas Delegacións galegas da AEAT é unicamente de 6.550,1 M€. *Poor academicismo españolista. Non ten remedio.*

A cuestión chave é: Reflicte este *Informe Anual* da AEAT os impostos soportados polos galegos nese ano? Reflicte realmente o que o Estado arrepaña como impostos aos galegos, para o seu financiamento que –mal que lles pese aos nosos españolistas– non lle chove do ceo madrileño? Os mesmos españolistas irredentos parecen ás veces ser conscientes de que se trata de dúas cousas ben diferentes, mais desprézanos, pasan olímpicamente diso. Non lles parece nin relevante nin importante, pois do que se trata é de afirmar contra vento e maré os feitos 'evidentes' da 'solidariedade' estatal e da Galiza 'subvencionada'. Son ben conscientes, eles si, de que se perden estas armas, perden toda a razón da súa existencia, da súa fe, das súas crenzas. Ficarían totalmente desarmados. O pobo galego tornaría máis libre, algo que non están dispostos a aceptar de ningunha maneira. Hai, pois, que manter a calquera prezo as aparencias: hai que negar a realidade, a verdade.

En troca, parecería que todo galego normal debería estar interesado en coñecer a realidade, é dicir, en coñecer, sequera for dun xeito aproximado, por non resultar fácil nin posíbel a exactitude plena neste ámbito dada a inexistencia dun sistema fiscal propio e exclusivo galego e dado o espazo estatal de que formamos parte, a unicidade do seu sistema fiscal e o comportamento de determinados impostos nun contexto de mercado máis amplo que o simplemente galego. Moitos si coñecen que as sedes das empresas públicas ou dos organismos estatais 'periféricos' da maioría das grandes empresas privadas, industriais ou de servizos con presenza na



Galiza están localizadas fóra da Galiza e moi maioritariamente en Madrid, polo que os tributos resultantes do imposto de sociedades, do IVE, das súas operacións co exterior, ou as retencións dos seus traballadores non se realizan nas Delegacións galegas da AEAT. Como exemplo extremo, desde unha perspectiva fiscal, no Estado español asistimos ao milagre fabuloso de non existiren fumadores máis que en Madrid, pois é nesta Comunidade

O que é a riqueza e a pobreza as veces depende só do que se valora e do que non, ou máis exactamente do que se pon en valor (os touros, por exemplo) e do que se menospreza (os nosos valiosos recursos naturais)



Cruceiro nunha céntrica praza madrileña, agasallo da Xunta de Galiza a Madrid, coa inscrición: "gratitud histórica y centenaria"

onde se recada o 100% do imposto que recae sobre o tabaco. Así, cando me deleito fumando a miña cachimba ou cando merco o tabaco correspondente no estanco preto da miña casa, iso non acontece na realidade: non son máis que fabulacións idealistas miñas, propias do bispo Berkeley, de facer caso aos nosos benqueridos españolistas 'galegos'. De feito, nas delegacións madrileñas da AEAT recadouise en 2007, 35% do IRPF e do Imposto de Sociedades, 55% do imposto sobre a renda dos non residentes, 42% do IVE, 82% do todos os impostos especiais, 62% do imposto sobre primas de seguros. En conxunto, case 42% da totalidade da recadación derivada do sistema fiscal español. Por isto, este Informe da AEAT non serve nada para nos indicar cales son os impostos totais que soportan os galegos –nin os outros– como consecuencia do sistema fiscal español, por moito que as cifras agregadas dos diferentes impostos contidas neste informe sexan correctas. Vemos así que a recadación de impostos nas Delegacións galegas da AEAT significarían unicamente 3,3% da recadación total estatal. Xa nos gustaría, pensarán algúns. Do mesmo xeito que nel se reflicte que neste ano (2007) –como dixemos– nada menos que 42% da recadación total por todos os impostos se concentra en Madrid, cando o PIB deste territorio significa 17.7% do total español, case dúas veces e medio menos, tornando evidente unha incongruencia flagrante, unha anormalidade absoluta, unha imposibilita-

de, sobre todo tendo en conta o paupérrimo carácter progresivo do conxunto do sistema fiscal español.

Porén, e afortunadamente, o Informe de Liquidación do Sistema de Financiamento, para o caso dos impostos que se integran na cesta de tributos, non utiliza o criterio de distribución territorial que mantén o Informe de Recadación Tributaria da AEAT, consciente da súa irrealidade e por obedecer a outras finalidades estatísticas que resultan desapropiadas para consideraren adecuadamente os impostos realmente soportados polos habitantes dos diferentes territorios do Estado español. Deste Informe de Liquidación podemos obter a recadación xeográfica real da maioría dos impostos que compoñen a cesta tributaria, agás nos casos do IVE e dos Impostos Especiais, para os que, dadas as súas características ben coñecidas, utiliza para a súa distribución territorial uns índices de consumo específicos, conscientes os seus autores de que por medio deste procedemento específico se achega moito máis á carga tributaria real dos mesmos nas diferentes Nacións e Rexións que compoñen o Estado español.

No sistema de financiamento en vigor, negociado a finais do ano 2001 e resultado, basicamente, dun acordo entre o PP e CiU, os impostos que compoñen a cesta tributaria, así como a súa porcentaxe de cesión ou territorialización e volume, foron no ano 2007 para a Galiza, os que se mostran no cadro a continuación:

#### SISTEMA DE FINANCIAMENTO. Recursos tributarios ano 2007 (millóns de euros) GALIZA

IMPOSTO	% Ces/Terr.	SdF Rec/Terr	Resto Recad/Terr	TOTAL Suportado
Cedidos tradicionais (1)	100	1077,1	--	1077,1
IRPF	33	1195,9	2209,1	3405,0
IVA	35	1219,4	2264,6	3484,0
IIEE de Fabricación (2)	40	471,1	706,7	1177,8
IE Electricidade	100	85,8	--	85,8
IE Matriculación	100	94,5	--	94,5
V. retalista Hidrocarburos (Tramo estatal e autonómico)	100	93,9	--	93,9
SdF : T O T A L		4237,8	5180,3	9418,2

- (1) Sucesións e doazóns, Patrimonio, Transmisións patrimoniais, Actos xurídicos, Taxa sobre o xogo, e taxas afectas aos servizos transferidos (consideradas con criterio normativo)  
 (2) Alcol e bebidas derivadas, Cervexa, Produtos intermedios, Hidrocarburos, Labores do tabaco

## As sedes das empresas públicas ou dos organismos estatais 'periféricos' da maioría das grandes empresas privadas, industriais ou de servizos con presenza na Galiza están localizadas fóra da Galiza

Obviamente, este cadro non contempla a totalidade dos impostos soportados polos galegos, xa que fica fóra do mesmo o resto de impostos do sistema fiscal español non integrados no Sistema de Financiamento, nomeadamente o imposto de sociedades, de primas de seguros, de tráfico exterior, rendas de non residentes... De xeito aproximado, mais ben máis real do que o que indican as cifras de recadación do *Informe* da AEAT, adoptaremos o criterio de que a carga soportada polos galegos por estes impostos non integrados no Sistema de Financiamento equivale a 6% da recadación real estatal dos mesmos (52.424,6 M€), elevándose entón no ano 2007 a 3.145,5 M€.

Debemos ter en conta que, de acordo co documento do IGE *Galiza en cifras 2007*, o número de empresas con centros produtivos na Galiza mais coa súa sede localizada fóra da Galiza se eleva a 5.147, coma se mostra no cadro a continuación:

RAMA	SEDE SOCIAL	
	GALIZA	FÓRA
I. Extractiva	448	22
I. Manufactureira	15.827	337
Electricidade, Gas, Auga	308	59
Construción	30.092	676
Servizos	159.231	4.053
TOTAL	205.906	5.147

No informe da AEAT *Mercado de Trabajo e Pensiones en 2007*, froito da explotación da estatística de recadación do IRPF nese ano, podemos comprobar que estas empresas con sede fóra da Galiza atinxen 150.625 traballadores asalariados, de maneira que a súa dimensión media en termos de emprego, de case 30 traballadores asalariados, é moi superior a da empresa galega en xeral. E do mesmo xeito, mentres que o salario bruto medio declarado nestas empresas con sede social localizada fóra da Galiza foi de 21.720 €, nas empresas coa sede localizada na Galiza (991.186 asalariados)

foi de 15.987 €, só 74% do anterior. Non hai que dicir, xa que logo, que estamos en presenza de empresas moi importantes que tributan fóra da Galiza por todos os impostos estatais que se derivan da realización da súa actividade, en especial o imposto de sociedades. A recadación por este imposto nas Delegacións galegas foi en 2007, segundo a AEAT, de 1.731,3 M€. Ao considerarmos que a recadación real galega debe ser como mínimo 6% da recadación total deste imposto (44.823,2 M€), é dicir, 2.689,4 €, estamos a imputar ás empresas con centros produtivos na Galiza mais coa sede localizada fóra do noso país unha recadación de 958,1 M€, o que supón unha recadación media por parte destas importantes empresas de 0,19 M€ e a maiores, simplificando a taxa neta deste imposto en 30%. Iso significaría que o beneficio medio alcanzado por estas 5.147 empresas con sede lonxe da Galiza sería de 0,6 M€ (103 M. das vellas pesetas). O que nos parece certamente unha posición que se pode cualificar máis ben como conservadora.


Pois ben, coma resultado final do devandito, obteríamos que a carga tributaria que os galegos soportamos como consecuencia do sistema fiscal español é a seguinte:

Polos Impostos integrados no S. de Financiamento	9.418,2 M €
Polos Impostos non integrados no S. de Financiamento	3.145,5
TOTAL	12.563,7 M €

Obviamente, esta é a cifra que hai que confrontar cos 8.129,1 M€ que 'achega' á Galiza o sistema de financiamento para financiar a totalidade das súas competencias, o que nos mostra un diferencial contra a Galiza de 4.434,6 M€. Unha realidade ben diferente da que nos quere presentar o españolismo académico e político a través da comparanza que saben inadecuada e anticientífica que vimos

## A Mistificación dos Fluxos Fiscais I. Ano 2007

## A Mistificación dos Fluxos Fiscais II. Ano 2007



\* Intégranse no SISTEMA DE FINANCIAMENTO

anteriormente, no seu afán por nos manter permanentemente na situación equivalente á dos escravos satisfeitos coa súa situación, en tanto que inimigos frontais do *Denantes Mortos Que Escravos* do noso Castelao. E tamén é fácil acreditar que os recursos tributarios integrados no Sistema de Financiamento para a Galiza (4237,8 M€) significan 33,7% da carga impositiva total soportada polos galegos, quedando alegremente o nunca ben ponderado Estado español cos dous terzos dos impostos realmente soportados polos galegos.

Por outra parte, tal e como xa explicamos noutras partes, esta figura e a seguinte resumen graficamente o contraste entre a ficción implícita derivada da actual estruturación xurídico-política do Estado español que mostra a aparencia deste como o xeneroso repartidor duns recursos de orixe misteriosa, e a realidade do papel que, neste contexto específico, se lle fai desempeñar ao noso país, e na

que o sistema de financiamento cumpre un importante papel.

A maiores, e como sabemos, ademais do réxime común ao que nos referimos aquí, existe o foral vasco e navarro, cos seus sistemas de concerto e convenio. Como exemplo e no ano 2007, as tres facendas forais vascas (aquí non parece existir problema ningún co número de axencias tributarias autenticamente propias) recadaron un total de 13.772,1 M€, resultando a cota a pagar nese exercicio ao Estado español en 1.565,2 M€ para financiar os servizos competencia do Estado ou non transferidos a esa Comunidade. Unha equivalencia galega aproximada debería deixar reducida a diferenza que antes vimos de maneira radical. Mais isto é fariña doutro costal, sobre todo para o españolismo académico e político empeñado nos absurdos, nas loitas contra dos muíños de vento habituais, de inventar dezasete 'nacións' no Estado español. Eles, xa se sabe, non gustan dunha cunca de caldo ga-





lego. Toman dezasete caldos de catro variedades para xustificaren a calquera prezo a estrutura político-institucional estatal actual.

**A EVOLUCIÓN TEMPORAL PERVERSA DO SISTEMA PARA A GALI-ZA.** Un sistema de financiamento, sobre todo tendo en conta as prácticas recorrentes relativas á 'igualdade' persoal e territorial que seica caracterizan a Constitución española se obviamos a teimuda realidade, debería fundamentarse nun principio de suficiencia que garantir os recursos necesarios para ofrecer uns servizos públicos do mesmo (o máis parecido posíbel) nivel e calidade, cuxo custo de subministración é moi diferente en cada Comunidade Autónoma, condición básica que non se tivo en conta na formulación do modelo vixente. Así, no momento de se implantar no ano base, resulta crucial que se tome en consideración na configuración do modelo a situación de partida de cada territorio, o nivel de desenvolvemento relativo, o custo real de subministración dun nivel e calidade dados de prestación dos diferentes servizos públicos e tamén a garantía dunha evolución temporal dos recursos que tornar posíbel e viábel o necesario proceso de converxencia que neste ámbito se debe producir entre as diferentes Comunidades do Estado. Malia a confusión reinante, o outro principio básico, o de autonomía, non ten a ver esencialmente con cuestións cuantitativas, senón coa cuestión principal de que a configura-

ción do modelo estea sustentada na capacidade propia de disposición do gasto e do ingreso de acordo coas eleccións propias de cada territorio. Quer dicir que exista realmente autonomía financeira, unha condición *sine qua non* da existencia de autonomía política efectiva. Aspecto este que o modelo actual contempla a niveis certamente paupérrimos (malia a recorrente propaganda de sermos 'o Estado máis descentralizado do mundo', unha 'auténtica envexa mundial') e que está e estará, por tanto, situado no cerne dos debates actuais e futuros a respecto das reformas estatutarias, por faceren causa directa da repartición vertical do poder político dentro do Estado. E non por casualidade alporizou o conxunto do españolismo académico e político e os seus transmisores mediáticos, colocándose en primeiro plano o seu empeño en cou-taren calquera posibilidade de permitir un avance, sequera moderado, cara a unha estrutura xurídico-política estatal que recoñecer a plurinacionalidade real existente. E nesta política coinciden esencialmente todos os partidos estatais, diferenciados unicamente en matices que non teñen ningún contido cualitativo verbo da estrutura básica inxerida nunha Constitución española, peza legal esencial declarada inmutábel e arroxada coma unha especie de Verdade Divina contra todo intento da súa modificación nestes aspectos esenciais para o Nacionalismo.

Do lado cuantitativo, se no momento inicial existen diferenzas de

Galiza sempre tivo un pulo económico propio partindo da súa iniciativa se ben sempre foi asimilada e esmagada polo Estado

**RECURSOS TOTAIS (millóns de euros) DO SISTEMA DE FINANCIAMENTO EN VIGOR**

Territorio	A. BASE	LIQUIDACIÓNS					
	1999	2002	2003	2004	2005	2006	2007
GALIZA	4.274	5.301	5.718	6.140	6.840	7.659	8.129
Cataluña	9.188	12.111	13.342	14.794	16.787	18.920	19.295
Madrid	6.847	9.595	10.799	11.934	13.474	15.187	15.426
R. COMÚN	54.905	71.317	78.527	86.290	97.648	110.030	114.357
	SOBRE O ANO BASE (1999)						
GALIZA		24,0	33,8	43,6	60,0	79,2	90,2
Cataluña		31,8	45,2	61,0	82,7	105,9	110,0
Madrid		40,1	57,7	74,3	96,8	121,8	125,3
R. COMÚN		29,9	43,0	57,2	77,8	100,4	108,3
	DIFERENZAS DE GALIZA CON						
Cataluña		-7,8	-11,5	-17,4	-22,7	-26,8	-19,8
Madrid		-16,1	-24,0	-30,7	-36,8	-42,6	-35,1
R. COMÚN		-5,9	-9,3	-13,5	-17,8	-21,2-18,1	
	PARTICIPACIÓN DE GALIZA NO SISTEMA (%)						
	7,79	7,43	7,28	7,12	7,00	6,96	7,11

nivel e calidade na subministración dos diferentes servizos polas Comunidades Autónomas, unha cuestión indubidábel, é moi importante observar se a evolución temporal do sistema de financiamento permite dar solución gradual a esas diferenzas. Este non é o caso do modelo en vigor que, como vemos no cadro a continuación para o caso galego, está conformado estruturalmente dunha maneira que provoca un agudo proceso de diverxencia, empeorando relativamente a súa situación inicial. Xusto o contrario do que debería ser. E por tanto, a isto débese prestar unha atención preferente na negociación do novo sistema. Non se trata só de introducir garantías de suficiencia dinámica (temporal), senón de evitar que o seu funcionamento levar a unha evolución diverxente entre as diferentes Comunidades Autónomas. Mais isto non preocupa os nosos españoлисты. Pola contra, parécelles fenomenal, pois daquela se avanza cara a un mo-

delo fundamentado no principio de capitación, que en tal consiste a súa ilusión e propaganda igualitaria, mantendo unha ficción de igualdade que na realidade presupón a consolidación permanente da desigualdade. Curiosamente, de practicaren unha coherencia 'global', deberían defender coa mesma contumacia a igualdade de ingresos a nivel persoal para que todo estiver establecido en termos idénticamente iguais. Mais isto considéranlo absolutamente irracional, unha completa loucura, por razóns ben obvias: Como eles e a súa actividade improdutivo, inane, inútil, de simple sucursal do españolismo rancio ou non, van gozar dos mesmos ingresos que o común dos mortais galegos produtivos que mediante a súa actividade fai avanzar o País!?

Vemos aquí de maneira nítida que a evolución do sistema, dos seus Recursos Totais que é o que realmente vale para o financiamento dos servizos e non as ficcións aritméticas, desconsiderando a situación na orixe (no ano base), é moi negativa para a Galiza. E agrávase a cada ano que transcorre, agás no último exercicio (2007), como consecuencia do mellor comportamento económico do noso país en relación coa media do Estado. Comportamento temporal negativo (a famosa 'suficiencia dinámica' no argot correspondente), nomeadamente na súa comparanza con Madrid, malia esta 'rica' Comunidade ter un Fondo de Suficiencia negativo. Reflicte isto un proceso de diverxencia ou de converxencia? Deixámolo para que se pronuncien os españoлисты, que non o farán. Para nós faise evidente que o sistema vixente é completamente desapropiado (e non asumíbel) para o noso país, mesmo deixando a un lado as importantes cuestións ideolóxicas subxacentes.

A maiores, vemos que se a Galiza representaba 7,8% dos recursos totais do sistema de financiamento de réxime común no ano base, no último exercicio liquidado (2007) só representa un escaso 7,1% (-0,7%). Pola contra,

as cifras equivalentes para Cataluña pasaron de 16,7% a 16,9% (+0,2%) e as de Madrid de 12,5% a 13,5% (+1,0%). Unha maneira de comprobar a importante perda de recursos para a Galiza que este comportamento supón consiste en comparar os recursos totais reais que lle achegou o sistema e os que resultarían dunha situación na que eses recursos totais medrasen á mesma taxa media que o conxunto das Comunidades do réxime común, é dicir, que a Galiza conservase a mesma porcentaxe de participación no sistema que a establecida no ano base coma mostraremos máis adiante.

Isto cobra agora unha maior actualidade perante a coincidencia non só do PSOE e do PP senón tamén do 'moderno' sector rexionalista á española do BNG no que a Galiza debe obter no novo sistema de financiamento unha participación de 7,1%!!, na mesma liña á baixa que fixo o 'Bipartito' na negociación sobre os novos recursos para a sanidade como consecuencia dos resultados da II Conferencia de Presidentes de setembro de 2005. Hai que ter en conta que ao se establecer o sistema actual, todas as Comunidades Autónomas contan coas mesmas competencias, ao traspasarse a sanidade a aquelas que aínda non subministraban directamente este importante servizo, deixando de lado cuestións específicas como poden ser os *Mossos d'Esquadra* cataláns que, por certo, reciben financiamento por fóra do sistema de financiamento. Por tanto, á diferenza doutros sistemas anteriores no que o nivel de competencias desempeñado polas diferentes Comunidades Autónomas era moi diferente, esa situación resolveuse co sistema en vigor igualando competencialmente todas as Comunidades do réxime común. E se no ano base deste sistema, cunha participación galega de 7,8%, analizamos como o noso país saíu malparado por mor da nefasta negociación que levou a cabo o Partido Popular, con maioría absoluta daquelas aquí e acolá, como é posíbel situar o obxec-



tivo para o País nunha diminución desta participación en nada menos que 0,7% que teñen un efecto cuantitativo notábel, coma imos ver, e que significa non só non avanzar na equiparación real na subministración dos diferentes servizos en relación coa media estatal, senón consolidar esta negativa situación de partida de cara ao futuro? Unha renuncia á que nos teñen acostumados os partidos estatais que parten sempre nas negociacións esenciais para o País dunha posición á baixa para así concretarse finalmente unha posición relativa moito peor. Propio deles que se senten tan rexionalistas á española coma os que mais! Non debe resultar estrño o contento con que asume esta posición 'galega' o ministro Chaves de Política Territorial: xa atopou un perdedor voluntario, para maior gloria de todos os outros que participarán na repartición da nova torta. Uns poucos voluntarios máis a punto e final. Todos contentos máis unha vez.

Peche no Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar fronte á paralización do seu funcionamento (oposicións, convenio, etc...)  
O mantemento dos servizos públicos na Galiza depende da decisión política favorable a este modelo e tamén dos recursos que permite financeiros. En ambos casos é o nacionalismo o único que ten un proxecto que aposta pola súa extensión e mellora adaptada a nosa realidade





Nenas participando no Correlingüa na Estrada. A defensa da identidade propia e a lingua é o xeito máis eficaz de defender os nosos intereses económicos para un desenvolvemento autocentrado e un financiamento axeitado ás nosas necesidades

Vexamos rápida e sucintamente as consecuencias da adopción deste 7,1% como posición de partida negociadora. Se o ano base do novo sistema fose o ano 2007 (que seguramente o será 2006) acontecería que, de non se incrementaren os recursos, a Galiza recibiría exactamente a mesma cantidade de recursos que vimos: 8.129 M€ fronte aos 8.934 M€ que significarían o 7,8% inicial. Nada menos cunha diferenza en contra da Galiza de 805 M€ (uns 134.000 millóns das vellas pesetas/ano). Quen dixo que este país non era rico!! E moito peor será a posición relativa cando se contemplaren os recursos adicionais que levará a que non fiquen como están, e que non figuran en ningún documento oficial sobre o novo sistema, mais fálase duns 9.000 millóns de euros, esquecendo do que si realmente está formulado e documentado: “A achega destes recursos adicionais realizáralos o Goberno distribuídos nos TRES ANOS seguintes á entrada en

vigor do novo sistema de financiamento autonómico”, e que “estes recursos adicionais asignaranse ás Comunidades Autónomas en función dos seguintes criterios, entre outros: o incremento da poboación axustada desde 1999, o nivel actual de poboación axustada, a poboación dependente, e os FONDOS DE CONVERXENCIA cara a axustaren diferenzas no financiamento *per cápita* e na renda *per cápita* (de nova creación)”.

Por tanto, de se manteren as posicións referidas, a Galiza sairá prexudicada por unha dupla vía: por aceptar de partida a perda na participación no sistema actual como consecuencia da súa ineficiente instrumentación da perspectiva dos intereses do noso país; e porque, á vista das variábeis que se manexan para a repartición dos recursos adicionais, estes van chegar á Galiza cunha participación mesmo inferior a ese 7,1% fatídico, que oscilará entre 1/3 e 2/3 do mesmo, mais seguro máis preto do extremo inferior segundo diferentes hipóteses realizadas sobre esas mesmas variábeis. Ao que haberá que engadir os efectos negativos que se puideren producir por mor da evolución dinámica (temporal) dos recursos do novo sistema que comezará a funcionar nunha situación de crise que chegando adiada á Galiza manifestará os seus efectos negativos máis tarde cunha contundencia superior, acorde co acontecido noutras etapas anteriores de maior ou menor semellanza que a actual.

Como introducírmonos na temática do novo sistema de financiamento levaríanos á realización dun informe de extensión moi superior ao presente que trata da liquidación no ano 2007 do sistema de financiamento actual, sobre todo dada a actual falta de concreción do lado numérico dos documentos oficiais coñecidos (de xuño e decembro de 2008), deixaremos aquí a cuestión para voltar á cuestión que nos ocupaba, referida aos efectos perversos para a Galiza da evolución temporal do sistema que sintetizamos no cadro seguinte:

							TOTAL
RECURSOS TOTAIS	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2002-2007
1. REAL do SdF	5.301	5.718	6.140	6.840	7.659	8.129	39.7862
2. S/Taxa Crecto. RC	5.552	6.113	6.718	7.602	8.566	8.903	43.454
DIFERENZA: 1 - 2	-251	-396	-578	-762	-907	-774	-3.667
							9,22



Á vista disto parecería que a nosa Galiza é tan 'rica' que se permite asinar un Sistema de Financiamento que implica estas continuas e crecentes regalías pola súa parte cara ás outras Comunidades, nomeadamente a 'pobre' Madrid e que acumulativamente, neste período, se elevan a 9,2% dos recursos recibidos polo sistema e a 6,8 % do PIB galego en 2007. Até onde chegaremos coa fachenda de tanta solidariedade que, logo por riba, se nos predica de maneira inversa! **MAIS O MÁIS GRAVE É QUE SE PRETENDE QUE ISTO MESMO VOLVA A ACONTECER CO NOVO SISTEMA DE FINANCIAMENTO.**

Noutros informes, xa afondamos nisto tomando en conta a desagregación dos recursos totais do sistema en transferencias e ingresos tributarios. Como tamén describimos noutro lugar, iso resulta ser unha das cuestións esenciais para que o españolismo deduza os seus ideoloxemas básicos que negan as potencialidades do noso país -de deixárllelas exercer- para o manter nunha posición de permanente dependencia, como albo de xustificación e permanencia eterna do actual Estado español. Tal é a súa estruturación político-xurídica. Algo que, como non podería ser doutra maneira, dada a continuidade que representa o novo sistema a respecto do actual, se vai manifestar dunha maneira sibilina e concreta a través de varios instrumentos do novo sistema, que non vén ao caso comentar aquí -tempo haberá- mais que teñen o seu cumio na esperpéntica e fantástica definición que se fai da capacidade fiscal das Comunidades Autónomas que merecería ser espallada polo mundo enteiro para ver se así os seus 'creadores' desaparecen de vergoña nun calquera dos moitos buracos deste mundo como efecto do espectáculo recorrente dos bombardeos como deporte exemplar.

Non resultará a realidade aquí analizada suficientemente contundente para os nosos españolistas académicos e políticos? Si seguramente,

mais parécelles formidábel, por canto desta maneira poderán continuar acreditando nas súas 'teses' recorrentes da 'Galiza subvencionada', do 'Estado solidario' e parvalladas equivalentes ■

- 1 Ou 'Estado composto' como ás veces se adoita empregar dunha maneira supostamente 'neutral'.
- 2 Cualificación esta de 'cedidos' que sintetiza maxistralmente como a lingua reflicte a ideoloxía dominante.
- 3 Á que a Galiza asistiu mais non estivo, como acontecía a miúdo co Goberno anterior.
- 4 Que non o hai que dicir agacha a pregunta esencial: Quen financia ao Estado? Segundo coñecemos polos españolistas non é máis que unha especie de Espírito Santo localizado no quilómetro cero madrileño.
- 5 Nesta Comunidade como consecuencia do seu especial sistema fiscal na imposición sobre o consumo.
- 6 Coma é sabido, as porcentaxes de 'cesión' e de territorialización pasarán de 33% a 50% no caso do IRPF, de 35% a 50% no caso do IVE e de 40% a 58% no caso dos impostos especiais de fabricación.
- 7 Para a Galiza, segundo esta liquidación de 2007, iso significaría que a porcentaxe de 'cesión' de IRPF, IVE e Impostos Especiais de fabricación se situara en 82%.
- 8 A. Vilar Ponte chegou a dicir que: "os que se chaman galegos, renegando da lingua, non teñen máis dereito a chamárense así que os animais e as plantas que nacen nos nosos eidos". Son uns galegos moi raros que non son conscientes de que o son, ou peor, que son ben conscientes de que non o son.
- 9 Contémplanse como se sabe dous fondos: un de Competitividade para as Comunidades 'ricas' (e este si que resulta innovador a respecto de todos os sistemas de financiamento anteriores) e un de Cooperación para as 'rexións pobres', que no sistema actual, no ámbito das competencias comúns ou LOFCA, se denominaba Fondo de Renda Relativa, cunha contía para o conxunto desas Comunidades que cuantitativamente constituía unha esmola, sendo a súa finalidade real que non aparecen descaradamente beneficiadas no sistema en vigor as Comunidades 'ricas' coma así foi malia isto.



O Centro Galego de Madrid, coa ausencia notoria da bandeira propia e demais sinais da nosa identidade, é unha metáfora do modelo que se nos quer impoñer